



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 14 DE AGOSTO DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **10:15** horas do día **14 de agosto de 2018**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta do 1 de agosto de 2018.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de obra. Expediente 343/2011.

2.2.- Licenza de obra. Expediente 108/2018.

2.3.- Declaración de innecesariedade de licenza urbanística.

2.4.- Comunicacions previas de obra.

2.5.- Declaración de caducidade de licenza urbanística. Expediente 435/2006.

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1.- Arquivo de procedemento de reposición da legalidade urbanística.

3.2.- Resolución de procedemento de reposición da legalidade urbanística

4.- EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.

4.1.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 30/2018.

5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNES.

1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 1 de agosto de 2018.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a



construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: *“dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 343/2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D^a. M^{***} solicitou en data 05/07/2017 (r.e. 76) licenza municipal para **“legalización de vivenda unifamiliar e piscina”** situada no lugar de Pena Maior, s/n Noal, coa referencia catastral 15072A001037630000PE, segundo o expediente de legalización de obras xa executadas redactado pola arquitecta D^a. E^{**} de data decembro de 2016 (visado COAG nº 1607578.6 do 15/12/2016) e documentación técnica complementaria (visado COAG 1607578.7 do 12/01/2018, 1607578.9 do 01/03/2018 e 16075.10 de 11/06/2018).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **343/2011** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 31/07/2018 e o informe de Secretaría de data 13/08/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. M^{***} a licenza municipal para **“legalización de vivenda unifamiliar e piscina”** situada no lugar de Pena Maior, s/n Noal, coa referencia catastral 15072A001037630000PE, segundo o expediente de legalización de obras xa executadas redactado pola arquitecta D^a. E^{**} de data decembro de 2016 (visado COAG nº 1607578.6 do 15/12/2016/ 1607578.7; 12/01/2018/ 1607578.9; 01/03/2018 / 16075.10 de 11/06/2018, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Condicións de ordenación da edificación en solo de Núcleo Rural Común de Grado 2:



PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	60,00m
Superficie de parcela	600m ²	3.432,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,15m ² /m ²
Ocupación	40%	7,6%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	>4,00m
Recuado a lindeiros	3m	>3,00m a edificación
Altura máxima sobre rasante	7m	6,96m
Altura máxima permitida	8m	6,96m
Altura máxima do cumio	3,60	2,10m
Pendente máxima da cuberta	35°	<35°
Superficie de cesión	Segundo aliñación	Non procede
Superficie máxima edificable	300m ² para uso principal	299,96m ²

Outras consideracións:

As obras que se pretenden legalizar corresponden a unha edificación realizada ao amparo dunha licenza foi anulada polo xulgado contencioso administrativo nº3 de A Coruña, e ratificado polo TSX de Galicia (neste expediente non se verificou si a edificación executada corresponde co proxecto en base ao cal se outorgou a licenza anulada, por non ser o obxecto do mesmo).

Conclusión:

Na opinión da técnico que subscribe, infórmase favorablemente o expediente de legalización presentado, visado en data 15.12.2016, modificado pola documentación técnica visada en data 12.01.2018, 01.03.2018 e 11.06.2018, coas seguintes **condicións particulares:**

- Son válidos os documentos coa última data de visado que substitúan a documentos con data de visado anterior, asinados pola arquitecta E**, colexiada nº3.027 (datas de visado: 15.12.2016, modificado pola documentación técnica visada en data 12.01.2018, 01.03.2018 e 11.06.2018).
- Deberá conectarse aos servizos municipais de auga e saneamento tal e como se recolle no expediente, polo que deberá asinar compromiso de conexión á mesma.
- Será requisito imprescindible que se leven a cabo as obras de execución do tendal proposto no proxecto.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar o compromiso de conexión aos servizos formalizado no documento administrativo de data 31/07/2018.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito



aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
275.346,85 euros	2,7%	7.434,36 euros	Taxa pagada	00,00 €	8.122,73 euros
			Taxa definitiva	688,37 €	
			Liquidación	688,37 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 108/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D^a. C** solicitou en data 06/06/2018 (r.e 3392) licenza municipal para “**parcelación de fincas condicionadas a agrupación posterior**” das situadas no lugar de Quintáns- O Empalme- Nebra, coas referencias catastrais 15072A502021510000OM e 15072A502021500000OF, segundo o proxecto de parcelación de fincas condicionada a agrupación redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. L***.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **108/2018** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 03/08/2018 e o informe de Secretaría de data 13/08/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. C** a licenza municipal solicitada para “**parcelación de fincas condicionada a agrupación**” das situadas no lugar de Quintáns- O Empalme- Nebra, coas referencias catastrais 15072A502021510000OM e 15072A502021500000OF, segundo o proxecto de parcelación de fincas condicionada a agrupación redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. L***, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Clasificación urbanística do solo:

*Segundo o plano nº Serie O-3, follas 11-M e 11-N do PXOM, a parcela que se pretende parcelar está clasificada como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2.***

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada



en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

Condicións urbanísticas das parcelas:

Fincas matrices (sen edificar):

Finca nº2150:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	1.352m ² (superficie neta)
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Invade viario, polo que precede cesión 105m ²
Fronte mínima	9m	28,35m

Finca nº2151:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	1.420m ² (superficie neta)
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Invade viario, polo que precede cesión 3m ²
Fronte mínima	9m	18,11m

O artigo 150.2 da LSG dispón que Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Neste caso obteríanse lotes inferiores á parcela mínima esixida, pero como a finalidade é a de agrupalos aos predios lindeiros, a parcelación está permitida.

Parceláanse 533m² da finca 2150, e 359m² da finca 2151, para agrupar a superficie parcelada da finca 2150 á finca 2151; e a superficie parcelada da finca 2151 á finca 2150.

Fincas resultantes da parcelación- agrupación:

Parcela agrupada nº 2150:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	1.178,00m ²
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Segundo aliñacións do PXOM
Fronte mínima	9m	28,35m

Parcela agrupada nº 2151:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
-----------	------	----------



Parcela mínima	600m ²	1.594,30m ²
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Segundo aliñacións do PXOM
Fronte mínima	9m	18,11m

Cesión a viario:

Procede a cesión a viarios segundo plano nº4 aportado no proxecto, cun total de 105m² para a finca matriz 2150; e 3m² para a finca matriz 2151.

Conclusión:

Por todo o anteriormente exposto, na opinión da técnico que subscribe, infórmase favorablemente o documento presentado dende o punto de vista técnico coas seguintes **Condicións particulares**:

- A parcelación está condicionada á posterior agrupación ás fincas colindantes, como así se reflicte no documento técnico presentado asinado por D. L*** en data maio 2018, e presentado no Concello en formato dixital, o 06.06.2018 (r.e.3392)
- Previo ao outorgamento de licenza deberá formalizarse a cesión dos terreos que quedan fóra das alinacións.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Taxa pagada	345,60 €
Taxa definitiva	345,60 €
Pendente de pago	00,00 €

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.”

2.3) DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE SEGREGACIÓN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que D. M** solicitou en data 06/06/2018 (r.e. 3428) declaración de innecesariedade de licenza para a parcelación da finca situada no lugar de Campo de Prado – Nebra, coa referencia catastral 15072A004021410001AF, segundo o expediente de innecesariedade de segregación redactado polo arquitecto técnico D. M**, de data xuño de 2018.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 03/08/2018 no que se indica:

Réxime de intervención municipal:

Á vista da documentación presentada preténdese levar a cabo a división dunha finca a través do procedemento de declaración de innecesariedade de licenza.



En virtude do apartado 6 do artigo 150 da LSG, que dispón que nos casos en que o planeamento outorgue distinta clasificación ou cualificación á parcela de orixe será innecesario o outorgamento de licenza, atopámonos ante un caso no que non procede concesión de licenza de parcelación, senón declaración de innecesiedade, obténdose as fincas que se sinalan a continuación:

PARCELA	SUPERFICIE	CLASIFICACIÓN
Parcela 1:	1.310m ²	Núcleo Rural Común de grao 2
Parcela 2:	1.360m ²	Núcleo Rural pendente de desenvolvemento. Actuación integral Campo de Prado

Conclusión:

*Por todo o anteriormente exposto, na opinión da técnico que subscribe, non procede outorgamento de licenza de parcelación recollida na documentación técnica presentada, de data xuño 2018, senón declaración de innecesiedade da mesma, en virtude do disposto no artigo 150.6 da LSG. As fincas resultantes son as descritas no documento técnico de data xuño 2018, asinado polo Arquitecto Técnico M**.*

Considerando o establecido no art. 150.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo o cal será innecesario o outorgamento de licenza urbanística cando a división ou segregación de terreos sexa consecuencia de “c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe”, como acontece no presente suposto.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a innecesiedade do outorgamento de licenza urbanística para a segregación da parcela coa referencia catastral 15072A004021410001AF segundo expediente de innecesiedade de segregación redactado polo arquitecto técnico D. M**, de data xuño o de 2018.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.4) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.4.1- Expediente nº 76/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. P** o 26/04/2018 (r.e 2440) para realizar obras de “**obras de peche de finca con poste e maio de simple torsión**” da parcela situada non lugar de Abelendo, polígono 44 parc 239, Leiras das Eiras, coa referencia catastral 15072A044002390000PX.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
682,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.2- Expediente nº 154/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M^a *** o 18/07/2018 (r.e. 4362) para realizar obras de “**retellado da vivenda**” situada no lugar do Outeiro, 1- Noal, coa referencia catastral 13128003NH0311S0001WD.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
7.260,00 euros	2%	145,20 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.3- Expediente nº 155/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. A** o 20/07/2018 (r.e. 4399) para realizar obras de “**repintado dunha vivenda**” situada no lugar de Arnela, 2- Baroña, coa referencia catastral 001900100MK92H0001ZJ.



SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.980,00 euros	2%	39,60 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.4- Expediente nº 156/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 20/07/2018 (r.e. 4405) para realizar obras de “**peche de finca**” da parcela situada no lugar de Agra, 26 - Xuño, coa referencia catastral 7907426MH9270N0001ZP.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.100,00 euros	2%	62,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.5- Expediente nº 157/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. J** o 20/07/2018 (r.e. 4409) para realizar obras de “**substitución de tellas e cambio de**



fiestra” da vivenda situada no lugar de Novas, 25- San Pedro de Muro, e con referencia catastral 001301600MH91H0001UM.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.400,00 euros	2%	128,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.6- Expediente nº 159/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 26/07/2018 (r.e. 4492) para realizar obras de **“pintado de fachada con pintura branca mate”** da vivenda situada no lugar de Quintáns, 7A - Nebra, coa referencia catastral 000804300NH03A0001ZH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.100,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.7- Expediente nº 163/2018



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M*** o 31/07/2018 (r.e. 4617) para realizar obras de “**retellado**” da vivenda situada no lugar de Campo de Prado, 100- Nebra, coa referencia catastral 000707800NH03A0001BH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.460,00 euros	2%	49,20 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.8- Expediente nº 164/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios do Edificio La Fuente o 01/08/2018 (r.e. 4636) para realizar obras de “**illamento da fachada**” do inmovible situado na rúa Jorge Lorenzo, 13- Porto do Son, coa referencia catastral 7909104MH9270N0001DP.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
8.370,00 euros	2%	167,40 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.9- Expediente nº 165/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. R** o 01/08/2018 para realizar obras de “**repintado de fachada**” do inmovible situado na rúa Bos Aires, 19 - Porto do Son, coa referencia catastral 9703304MH9390N0001WM.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.140,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.10- Expediente nº 169/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M** o 07/08/2018 (r.e. 4770) para realizar obras de “**retellado**” da vivenda situada na rúa Roda, 9- Porto do Son, coa referencia catastral 9605104MH9390N0001BM.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.225,00 euros	2%	44,50 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a



correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.11- Expediente nº 170/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M^a *** o 07/08/2018 (r.e. 4776) para realizar obras de “**peche de parcela**” da vivenda situada na rúa Río, 12- Porto do Son coa referencia catastral 9501306MH9390S0001AI.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.600,00 euros	2%	32,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.12- Expediente nº 171/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M** o 08/08/2018 (r.e. 4793) para realizar obras de “**limpeza e pintado**” da vivenda situada na rúa Entremurallas, 4- Porto do Son coa referencia catastral 9804709MH9390S0001XI.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
600,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)



TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.5) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 435/2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que mediante resolución da Alcaldía nº 37 de data 12/07/1993 se lle outorgou a D^a. C** licenza de obra para a **“construción dun galpón de 8x9 m. para gardar toda clase de aparellos”** no lugar de Pedregal- Nebra, con referencia catastral 15072A50202150.

Visto o informe dos servizos técnicos municipais de data 06/06/2018, no que se fai constar: “(...) *consta neste concello a documentación remitida pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) referida ao expediente de reposición da legalidade (COR/29472016) pola construción dunha edificación con tipoloxía de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixo cuberta, cunha superficie total de 206 m2, situado na parcela onde se otorgou licenza a Dona C** para a construción de galpón.*

Ademais da construción obxecto de expediente de reposición da legalidade mencionado no parágrafo anterior, non existe outra edificación na parcela, polo que o galpón obxecto da licenza non foi iniciado nin rematado.

Transcorridos os prazos para o inicio e remate das obras, sen que se tivera iniciado a edificación licenciada, así como solicitado por parte da interesada que se declare a caducidade da citada licenza, na opinión da técnico que subscribe, procede iniciar o procedemento de declaración de caducidade solicitado, sen prexuízo do relativo ao expediente de reposición da legalidade iniciado pola APLU con respecto á edificación en construción existente na parcela.

Considerando que artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que *“no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses”.*

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria de data de 22/06/2018, acordou iniciar o procedemento para declarar a caducidade da licenza de obras outorgada por resolución da Alcaldía nº 37 do 12/07/1993 para a **“construción dun galpón de 8x9 m para gardar todas clase de aparellos”** no lugar de Pedregal – Nebra, con referencia catastral 15072A50202150 e, así mesmo, lle outorgou trámite de audiencia aos interesados para que puidesen formular as alegacións e presentar os xustificantes que estimasen convenientes.



Visto que o anterior acordo foi notificado o 05/07/2018 e consta a recepción en data 06/07/2018, e tendo en conta que durante o prazo de audiencia outorgado non se formulou alegación ningunha.

Considerando que artigo 145.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG establece que “a caducidade será declarada pola Administración Municipal logo do procedemento con audiencia do interesado”.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística outorgada mediante resolución de Alcaldía nº 37 de data 12/07/1993 a D^a. C** para a “**construción dun galpón de 8x9 m para gardar toda clase de aparellos**” no lugar de Pedregal- Nebra, por causa de ter transcorrido o prazo máximo para iniciar e rematar as obras.

SEGUNDO.- Notificar esta resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1) ARQUIVO DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, por acordo do 21/05/2018 resolveu iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística a D. J** pola execución das obras de incremento da altura do muro de peche da parcela con referencia catastral 4029507NH0342N0001ZA situada no lugar de Eiravedra (Goiáns), sen dispor de título habilitante de natureza urbanística.

Segundo.- D. J** presentou en data 26/06/2018 (r.e 3945) escrito declarando, en síntese:

- Descoñecía que aínda non se desmontara a ampliación do muro, o que lle encargara ao albanel en maio do 2017.
- As obras de eliminación do exceso de altura executado no muro e de reposición do peche ao seu estado anterior xa se executaron.

Co seu escrito, o interesado achega fotografías que acreditan a reposición do muro de peche da parcela ao seu estado orixinal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Único.- O art. 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que nos casos de desaparición sobrevida do obxecto do procedemento a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e normas aplicables.

Tendo en conta que o promotor das obras que motivaran o inicio do procedemento de reposición da legalidade urbanística restaurou as obras á situación orixinal, ese procedemento perdeu o seu obxecto e, en consecuencia, procede o arquivo do procedemento.



Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Declarar a perda sobrevida do obxecto do procedemento de reposición da legalidade urbanística iniciado a D. J** pola execución das obras de incremento de altura do muro de peche dunha parcela situada no lugar de Eiravedra (Goiáns) coa referencia catastral 4029507NH0342N0001ZA sen título urbanístico habilitante, e proceder ao arquivo do procedemento.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

3.2) RESOLUCIÓN DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local acordou o 22/09/2017 Iniciar un procedemento de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras de construción dun galpón e un muro de peche na parcela con referencia catastral 15072A502023740000OM, situada en Campo de Prado, 94 – Nebra, sendo o presunto promotor da obra D. J**.

Segundo.- O interesado solicitou o 17/08/2017 (r.e. 5.216) de licenza de obra para adecuación dun local en vivenda unifamiliar con destino a bar, e para a construción dun galpón para almacenaxe (expte. 194/2017), sendo requirido para completar a súa solicitude o 10/10/2017 e achegando documentación o 27/10/2017 (r.e. 6.734).

Terceiro.- O 29/11/2017 os servizos técnicos municipais emitiron informe, en relación cos procedementos de solicitude de licenza de obra (expte. 194/2017) e de reposición da legalidade urbanística, no que se concluía, en síntese:

- As obras en curso de execución referidas á edificación anexa á edificación principal, así como as obras pretendidas para o cambio de uso, están no suposto do artigo 382.1.b) do RLSG, polo que, dado que xa se presentou a solicitude de licenza, deberán emendarse as cuestións sinaladas no informe técnico, aos efectos de verificar si é posible a concesión da licenza municipal de obras.
- As obras do muro de peche non son legalizables, por exceder en altura, polo que procede a demolición da parte que supera 1,50 por enriba da rasante interior do predio en contacto co peche. O muro deberá rematarse nas condicións establecidas no apartado 4.2.3.B.2.c) do PXOM, polas que non poderán quedar os bloques de formigón vistos, senón que deberán ser debidamente revestidos e pintados.
- No que se refire á construción auxiliar existente na parcela, e que conta con título habilitante, deberá ser rematada exteriormente nas condicións do artigo 4.7.9.1.b) polas que a edificación deberá dispoñer das cores apuntadas de tons claros do PXOM.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, en data 30/11/2017, resolveu outorgarlle ao interesado trámite de audiencia (notificado o 22/12/2018), e o 10/01/2018 o interesado presentou un escrito (r.e. 223) no que contestaba aos aspectos postos de manifesto no informe dos servizos técnicos municipais do 29/11/2017, en orde a legalizar as obras executadas.



Quinto.- O 25 e 26 de xuño de 2018 Augas de Galicia notifícalle ao concello as resolucións polas que, respectivamente, se lle recoñece a D. J** o dereito a o uso privativo dun aproveitamento hidráulico e, doutro lado, se lle autoriza a construción dunha edificación auxiliar anexa a vivenda unifamiliar e acondicionamento desta, na parcela catastral 5072A502023740000OM (zona de policía de augas).

Sexto.- O 26 de xullo e o 1 de agosto de 2018 D. J** achegou documentación técnica complementaria para a legalización das obras executadas, relativa á dotación do servizo de saneamento.

Sétimo.- Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 02/08/2018 relativo á legalización das obras que motivaran o inicio do procedemento facendo constar, en síntese:

- A parcela na que se proxectan as actuacións solicitadas está clasificada como “solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2”.
- As obras relativas á edificación anexa á edificación principal e as pretendidas para o cambio de uso son legalizables e poden rematarse, axustándose á documentación aportada ao expediente, segundo a cal:
 - O servizo de abastecemento de auga resólvese por medios individuais, debendo axustarse ao proxecto e á autorización outorgada por Augas de Galicia.
 - O servizo de saneamento resólvese por medios individuais mediante foxa séptica impermeable e estanca no interior da parcela.
 - Se durante a execución da obra se producen danos á vía pública, esta deberá reporse ao seu estado orixinal.
 - As obras axustaranse a toda a normativa técnica, urbanística, de salubridade, seguridade e medioambiental de aplicación.
- As obras do muro de peche non son legalizables, por exceder en altura, polo que procede a súa demolición no que excede da altura de 1,50 metros desde a rasante interior do predio en contacto co peche. Así mesmo, o muro deberá rematarse nas condicións establecidas no apartado 4.2.3.B.2c) PXOM, polo que os bloques de formigón deberán ser debidamente revestidos e pintados.
- A construción auxiliar existente na parcela deberá rematarse exteriormente nas condicións do artigo 4.7.9.1.b) polas que a edificación deberá dispoñer das cores apuntadas de tons claros do PXOM.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente, de conformidade coa delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño.

Segundo.- Á parcela na que se executaron as obras está clasificada polo Plan Xeral como “*solo de núcleo rural común. Grao 2*” e, segundo establece a Disposición Transitoria 1ª, apdo. 1 c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) ao solo clasificado como “*núcleo rural*” polo planeamento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, como é o caso do Concello de Porto do Son, “*aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será de aplicación o previsto no art. 40 da presente lei*”.



Terceiro.- O art. 152.3 LSG establece que *“instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:*

- a) *Se as obras non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido. Se os usos non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos.*
- b) *Se as obras ou usos puideran ser legalizables por se compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora outorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a costa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que tivese dado lugar”.*

No suposto, o interesado tramitou, simultaneamente ao procedemento de reposición da legalidade urbanística, o procedemento para a legalización das obras sen título habilitante e os servizos técnicos informaron favorablemente o outorgamento da licenza de legalización. Por este motivo, e por razóns de economía procesual, estímase adecuado outorgar a licenza urbanística solicitada logo de resolver o procedemento de reposición da legalidade urbanística.

Visto canto antecede,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Resolver, de conformidade co establecido polo art. 152.3 b) LSG, o procedemento de reposición da legalidade urbanística no seguinte sentido:

1º) Declarar legalizables as obras que se indican:

- As obras relativas á edificación anexa á edificación principal e as pretendidas para o cambio de uso pretendido.
- O remate exterior da construción auxiliar existente na parcela, nas condicións do artigo 4.7.9.1.b) polas que a edificación deberá dispoñer das cores apuntadas de tons claros do PXOM
- A construción auxiliar existente na parcela deberá rematarse exteriormente nas condicións do artigo 4.7.9.1.b) polas que a edificación deberá dispoñer das cores apuntadas de tons claros do PXOM.
- O muro de peche, unha vez adecuada a súa altura ao previsto na normativa urbanística, nos termos que se detallan no apartado 2º) seguinte, deberá rematarse nas condicións establecidas no apartado 4.2.3.B.2c) PXOM, polo que os bloques de formigón deberán ser debidamente revestidos e pintados.

2º) Ordenar a D. J** a demolición das obras de incremento de altura do muro de peche por non ser legalizables, ao exceder a altura do muro de 1,50 metros medidos desde a rasante interior do predio en contacto co peche e resultar, en consecuencia, incompatibles co ordenamento urbanístico.

O interesado disporá dun prazo dun (1) mes, a contar desde a notificación desta resolución, para proceder á reposición da legalidade urbanística cumprindo coa orde dada.



Advírtese expresamente ao obrigado de que, en caso de incumprimento da orde de cesación do uso se procederá á execución forzosa da resolución polo concello mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, con arranxo ao disposto no art. 152.6 LSG. Todo iso sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

Todo o exposto entenderase sen prexuízo do inicio do correspondente procedemento sancionador por infracción á normativa urbanística.

3º) Alzar a paralización das obras ordenada por decreto da Alcaldía núm. 594/2017, do 13 de setembro.

SEGUNDO.- Conceder a D. J** a licenza municipal solicitada para “**legalización de obras de cambio de uso de local de vivenda en planta baixa e construción auxiliar**” no lugar de Campo de Prado, 94 A – Nebra, coa referencia catastral 15072A502023740000OM, segundo o expediente de legalización de obras xa executadas redactado polo arquitecto D. D**, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Condicións de ordenación da edificación en solo de Núcleo Rural Común de Grado 2:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	62,71m
Superficie de parcela	600m ²	2.190,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,15m ² /m ²
Ocupación	40%	<40%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	≥4m
Recuado a lindeiros	3m	>3,00m a edificación
Altura máxima sobre rasante	7m	2,75m
Altura máxima permitida	8m	2,75m
Altura máxima do cumio	3,60	0,75m
Pendente máxima da cuberta	35º	12º
Superficie de cesión	Segundo aliñación	Non procede

Condicións particulares:

- O servizo de abastecemento de auga resólvese por medios individuais, debendo axustarse ao proxecto e á autorización outorgada por Augas de Galicia.
- O servizo de saneamento resólvese por medios individuais mediante foxa séptica impermeable e estanca no interior da parcela.
- Se durante a execución da obra se producen danos á vía pública, esta deberá reporse ao seu estado orixinal.



- *As obras axustaranse a toda a normativa técnica, urbanística, de salubridade, seguridade e medioambiental de aplicación.*
- *A construción auxiliar existente na parcela deberá rematarse exteriormente nas condicións do artigo 4.7.9.1.b) polas que a edificación deberá dispoñer das cores apuntadas de tons claros do PXOM.*

TERCEIRO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
34.739,28 euros	2%	694,79 euros	Taxa pagada	89,00 €	692,64 euros
			Taxa definitiva	86,85 €	
			Liquidación	-2,15 €	

QUINTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

4. EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.

4.1) RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 30/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Vista providencia da Alcaldía do 01/08/2018 pola que se dispón o inicio do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 30/2018.

Vistas as memorias xustificativas elaboradas polas Concellerías Delegadas relativas aos gastos incluídos no expediente e o informe de Intervención do 01/08/2018.

Considerando o disposto no art. 184 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e tendo en conta que se trata de aprobar xustificantes de gasto correspondentes a servizos prestados efectivamente e en aplicación do principio que prohíbe o enriquecemento inxusto.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar por recoñecemento extraxudicial os xustificantes de gasto que se indican, con imputación da autorización, disposición e liquidación do gasto ás aplicacións orzamentarias indicadas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2018/2317	06/07/2018	0095062343	05/07/2018	1787,05	A28076420	REPSOL BUTANO, S. A.	POLO SUBMINISTRO DE PROPANO PARA A PISCINA MUNICIPAL.	342	22102
F/2018/2385	09/07/2018	JUCA 77	12/06/2018	117,46	B70237052	JUCA NOIA 2010, S.L.L.	POR REPARAR A BOMBA DE AUGA DA FONTE DE ROCAPILLON.	151	21300
F/2018/2407	09/07/2018	AV201810102541	30/06/2018	312,58	B15244619	NEUMATICOS TINO, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Á MOTOBOMBA MUNICIPAL CA MATRICULA 4526CWN.	136	21400
F/2018/2492	09/07/2018	18-A 7406	02/07/2018	219,54	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE, A-1, S.L.	MANTEMENTO DO SISTEMA ANTI-ROUBO E CONEXIÓN CA CENTRAL RECEPTORA, CENTRO DE SAUDE DE PORTOSIN, 2º TRIMESTRE DE 2018.	312	21500
F/2018/2493	09/07/2018	P 803179	30/06/2018	907,5	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	POLA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO NO XORNAL PROMOCIONANDO O CONCELLO.	920	22602
F/2018/2499	10/07/2018	1 478	30/06/2018	283,14	B70408430	LIMPIEZAS GALINOR, S. L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO COLEXIO DE LAPIDO E SERANS, MES MAIO.	323	22700
F/2018/2500	10/07/2018	1 479	30/06/2018	1033,34	B70408430	LIMPIEZAS GALINOR, S. L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO MUSEO MAREA E NAS CASAS DE CULTURA DE QUEIRUGA E XUÑO, MES XUÑO.	333 330	22700 22700
F/2018/2513	11/07/2018	Emit- 16	09/07/2018	363	B15367592	PIROTECNIA RICARDO RESUA, S.L.	POLOS FOGOS ARTIFICIAIS SUBMINISTRADOS CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DUNHA CONVENCION DE ODONTÓLOGOS NO CONCELLO.	912	22601
F/2018/2517	11/07/2018	2018 Emit- 89	11/07/2018	3629,08	B70398425	SON A TUA AXUDA, S.L.	POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO A USUARIOS DO CONCELLO, DEPENDENCIA, MES XANEIRO.	231	22799
F/2018/2519	11/07/2018	8670000144	06/07/2018	676,78	B70091749	SERVIZOS SOCIAIS ULLA-SAR, S.L.	POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO A USUARIOS DO CONCELLO, PRESTACIÓN BASICA, MES XUÑO.	231	22799
F/2018/2522	12/07/2018	01 102325	30/06/2018	260,66	A15149271	ABN PIPE ABASTECIMENTOS, S.A.	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA REPARAR ROTURA DE AUGA NO SERVIZO MUNICIPAL, RUA LAXIELES.	161	21300
F/2018/2523	12/07/2018	Emit- 27	12/07/2018	141,36	B15342173	AUTOS LORETO, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Ó VEHICULO DA POLICIA LOCAL CA MATRICULA 9507JGS.	130	21400
F/2018/2524	12/07/2018	A 613	30/06/2018	112,6	B15224769	BARRAL HERMANOS, S.L.	REPARACIÓN REALIZADA Á CORTACESPEDE VIKING MB-650.	171	21300
F/2018/2525	12/07/2018	A 614	02/07/2018	33,24	B15224769	BARRAL HERMANOS, S.L.	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA A CONSERVACIÓN DA MAQUINARIA DE XARDINS.	171	21300



F/2018/2528	16/07/2018	P 803617	15/07/2018	242	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	POLA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO NO XORNAL, ESQUELA POLO FALLECEMENTO DE D. XERARDO FERNANDEZ ALBOR.	920	22602
F/2018/2531	17/07/2018	E18 57	17/07/2018	596,15	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLOS AUMENTOS REALIZADOS NO ALUMEADO MUNICIPAL DO EMPALME.	165	60300
F/2018/2532	17/07/2018	E18 58	17/07/2018	552,03	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLOS AUMENTOS REALIZADOS NO ALUMEADO MUNICIPAL DA SILVA.	165	60300
F/2018/2534	17/07/2018	E18 60	17/07/2018	4473,61	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLA INSTALACIÓN DE CADROS REALIZADA NA PRAZA DO CURRO DE PORTOSIN.	1532	21000
F/2018/2539	18/07/2018	7520180956706	17/07/2018	357,89	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	SEGURO DO VEHICULO MUNICIPAL CA MATRICULA 5135FSS, DO 13/07/2018 Ó 13/07/2019.	161	22401
F/2018/2564	18/07/2018	A. 6	17/07/2018	54,45	B15516131	JOYERIA PETISCO, S.L.	POLO SUBMINISTRO DUNHA PLACA GRABADA PARA O HOMENAXE REALIZADO Ó REGATISTA IAGO LOPEZ MARRA, 1º CAMPIONATO EUROPA VELA	912	22601
F/2018/2566	19/07/2018	2018/0001/018967	02/07/2018	97,80 97,81 195,61	A17735135	CITYLIFT, S.A.	POLO MANTEMENTO REALIZADOS OS ASCENSORES DA CASA DO CONCELLO E DO MUSEO MAREA, MES XUÑO.	333 920	21300 21300
F/2018/2570	20/07/2018	FEE18 58	18/07/2018	762,3	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA REPARACION REALIZADA NO SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL, AVERIA EN VALIANTES.	161	21300
F/2018/2571	20/07/2018	FEE18 59	18/07/2018	321,86	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NAS PRAIAS DE COIRA E PORTO DO SON PARA A SUA CONSERVACIÓN.	1721	21000
F/2018/2573	20/07/2018	FEE18 61	18/07/2018	943,8	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLO ACONDICIONAMENTO DUN APARCADOIRO PUBLICO EN NEBRA.	454	21000
F/2018/2575	20/07/2018	FEE18 63	18/07/2018	228,69	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA NUN CAMIÑO EN CANS PARA A SUA CONSERVACIÓN.	454	21000
F/2018/2576	20/07/2018	FEE18 65	18/07/2018	211,75	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NA PRAIA DE COIRA PARA A SUA CONSERVACIÓN.	1721	21000
F/2018/2577	20/07/2018	FEE18 64	18/07/2018	514,25	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NA PRAIA DA GAFA PARA A SUA CONSERVACIÓN.	1721	21000
F/2018/2578	20/07/2018	FEE18 66	18/07/2018	127,05	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POR REPARAR AVERIA DE AUGA NO SERVIZO MUNICIPAL, COIRA-PORTOSIN.	161	21300
F/2018/2580	20/07/2018	A 655	20/07/2018	136,13	B15224769	BARRAL HERMANOS, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Á CORTACESPEDE MB-655.1-G.	171	21300
F/2018/2581	20/07/2018	FEE18 68	18/07/2018	1795,4	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA PAVIMENTACIÓN REALIZADA NO VIAL DA SILVA PARA A SUA CONSERVACIÓN.	454	21000



F/2018/2582	20/07/2018	FEE18 69	18/07/2018	1633,5	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA RETIRADA E SUBSTITUCIÓN DE REXILLAS EN MIÑORTOS.	454	21000
F/2018/2584	20/07/2018	1 480	01/07/2018	47,19	B70408430	LIMPIEZAS GALINOR, S. L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO PUNTO DE INFORMACIÓN DO CASTRO DE BAROÑA, MES XULLO.	336	22700
F/2018/2585	23/07/2018	0420200543	30/06/2018	484	A28281368	RADIO POPULAR, S.A.	POLA ENTREVISTA REALIZADA Ó ALCALDE.	920	22602
F/2018/2589	06/07/2018	188/18	30/06/2018	10,89	52454304K	A**	POLO SUBMINISTRO DE BOTTILLAS DE AUGA E VASOS PARA A FONTE DAS OFICINAS MUNICIPAIS.	920	22105
				4,84				920	22199
				15,73					
F/2018/2590	06/07/2018	189/18	30/06/2018	60,83	52454304K	A**	POLAS BOTTILLAS DE AUGA E VASOS SUBMINISTRADOS PARA OS COLEXIOS.	323	22105
				4,84				323	22199
				65,67					
F/2018/2591	09/07/2018	F16	02/07/2018	711,48	52937680Y	DAVID GARCIA FANEGO	POLO MANTEMENTO REALIZADO Á INSTALACIÓN TERMICA DA PISCINA MUNICIPAL, 2º TRIMESTRE DE 2018.	342	21300
F/2018/2593	16/07/2018	65/18	13/07/2018	6,15	33262939V	M***	POLO MATERIAL DE OFICINA SUBMINISTRADO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL.	3321	22000
F/2018/2595	16/07/2018	64/18	13/07/2018	193,80	33262939V	M***	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA CULTURA, OFICINAS MUNICIPAIS E NADAL.	330	22000
				10,80				920	22199
				9,95				3381	22199
				214,55					
F/2018/2596	16/07/2018	67/18	13/07/2018	9,9	33262939V	M**	POLO MATERIAL DE OFICINA SUBMINISTRADO PARA PROTECCIÓN CIVIL.	135	22000
F/2018/2599	19/07/2018	151	03/07/2018	50	78800129J	J**	POLA REPARACIÓN REALIZADA Ó VEHICULO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL.	135	21400
F/2018/2600	19/07/2018	142	21/06/2018	66,79	78800129J	J**	POLA REPARACIÓN REALIZADA A FORABORDA DE PROTECCIÓN CIVIL.	135	21400
F/2018/2601	19/07/2018	152	06/07/2018	45,99	78800129J	J**	POLA REPARACIÓN REALIZADA Á DESBROZADA MUNICIPAL STIHL.	450	21300
F/2018/2602	19/07/2018	150	27/06/2018	183,7	78800129J	J**	POLA REPARACIÓN REALIZADA Á DESBROZADORA MUNICIPAL HUSQVARNA.	450	21300
F/2018/2603	19/07/2018	18F0016	19/07/2018	21,78	76513597A	J***	POLO LAVADO REALIZADO Ó VEHICULO DA POLICIAL LOCAL CA MATRICULA 9507JGS PARA A SUA CONSERVACIÓN.	130	21400
F/2018/2604	20/07/2018	57/18	30/06/2018	326,7	16271962Z	J**	POLA LIMPEZA REALIZADA A ESCOLA DE CAAMAÑO, MES XUÑO.	323	22700
F/2018/2605	23/07/2018	690001572672	01/07/2018	483,09	A78520293	REALE SEGUROS GENERALES, S.A.	SEGURO DO VEHICULO DA POLICIA LOCAL CA MATRICULA 9507JGS, DO 21/07/18 Ó 21/07/2019.	130	22401



SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería Municipais.”

5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNIS.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **10:35 horas**, do día **14 de agosto de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.